

# FERROL



## BANDO

---

ÁNGEL MATO ESCALONA, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

### FAI SABER:

#### INICIO DA CAMPAÑA DE TRAMPEO PARA DETECCIÓN E CONTROL DA VESPA VELUTINA

A vespa *velutina* é unha especie invasora perigosa que ameaza á apicultura, a polinización, a produción agrícola e o medio ambiente en xeral, e que tamén ten un risco importante para as persoas. As *velutinas* comezan a saír na primavera do seu letargo invernal polo que é importante un trampeo a gran escala que reduza nunha porcentaxe moi elevada a formación de niños. As *velutinas* carecen de inimigos naturais e xeran centenaes de nais por niño a diferenza das vespas autóctonas que apenas chegan á decena.

O risco que xera a vespa *velutina negritorax* é moi superior á das autóctonas. Non fai falla achegarse ao niño para alteralas, reaccionan ao ruído e vibración (niños soterrados) e son máis agresivas na proximidade dos seus niños, ataca en maior número e con máis insistencia, e polo seu gran tamaño inxectan máis veneno.

A captura de raíñas ha de efectuarse de inicio de marzo a finais de maio, coincidente coa fase de construción e actividade do niño primario, o ben de setembro a decembro dende o nacemento de novas raíñas á súa hibernación.

Por todo isto, e por petición da delegación de Ferrolterra de Asociación Galega de Apicultura (AGA)

#### Solicito

A través deste BANDO a participación cidadá para o trampeo primaveral das novas raíñas fundadoras de *velutinas* dende este mes de marzo ata finais de maio.

#### O Alcalde

Ángel Mato Escalona